

DON RECORTEITOR

Ola a todas, ola a todos!
Don Recorteitor Crise son.
Rei da poda, rei da ceifa!
Moi grande experto Segador!

As tesoiras desenfundo
e brandíndoas con ilusión,
cris, cras corto e deixo curto
a sanidade e a educación.

Chego hoxe ao instituto,
cunha única función:
cada día traeredes
todo o que eu queira! Son mandón!

E senón me obedecedes
Ai! Preparádevos entón ...
Deixarédevos moi curtos
os recreos e as vacacións!

A **gravata** no pescozo
este **luns** deberedes pór,
amarela, rosa ou verde
gris, vermella, azul ou marrón.

Este **martes** quero vervos
cun **mandil** ou mandilón
Como expertos cociñeiros
De Arguiñanos ou Ángel León!

Fóra vergoñas, complexos!
O Entroido é diversión!
San é rirse ata dun mesmo!
Carpe diem! Carpe a ocasión!

Se o mandado non traedes
Ai! agachádevos entón...
Por whatsapp ou sms
chamarei ao afiador

Con tesoiras ou coitelos
recortando cris, cris cras, crons...
Sen bocatas deixareivos
sen cafés, téis ou infusións!

Este **mércores** eu quero
dedicalo á confección
Do revés ver os **vaqueiros,**
saias, xerseis ou chaquetóns.

Etiquetas e costuras,
cal bandeiras ondeando
sairán ao fin da negrura,
polo Proval desfilando!

Ai! Co último mandato
estou desexando vervos!
O **xoves** será sen recato
pra os amigos de Morfeo.

Todo o mundo en **pixama**
chegará ao instituto!
Só tes que erguer da cama,
pór as costas o macuto.

Pensa en todas as vantaxes
que che dá este atavío.
Se acodes con este traxe,
dormes máis que de a cotío!

Por fin, **o venres de Entroido!**
Con comparsas e desfiles!
Disfrazados? Moitos, moitos!
E bailes, risas a miles!

Ai!! Pero, o **venres** ven con dores!
Cheira a fume e a vinganza,
a redobres de tambores
xa sento a calor na panza!!

Por Mandón e Recoiteitor
das vacacións e recreos,
ídesme queimar enteiro.
Ai de min, ai arre demo!!!